

A nosa terra

semanario do Partido Galeguista

ANO XVII

Galicia (Santiago) 28 de Nadal do 1.933

Num. 319

Francesc Maciá

Morre o «Avi». Catalunya, a irmá benquerida, chora a morte dun dos seus fillos máis esclarecidos: Maciá. Galicia, que considera propias as ledicias e os doores de Cataluña, chora con ela a inxente perda do gran caudillo, símbolo das liberdades catalanas. Galegos: un minuto de silencio estremecido de emoción polo vello apóstolo de Cataluña; polo home que resumía o espírito romántico dun pobo irmán e glorioso; polo patriarca, mais alá do ben e do mal que soupo conducir unha patria á conquista da súa persoalidade nacional; polo pelengrin que percorreu tódolos camiños do mundo, perseguido, desterrado, aldraxado, levando nos beizos trementes o nome sagro da súa patria e no corazón, rebulindo lediciosa, a esperanza da súa liberdade; por un home, esguío e xeneroso, de figura triste como cabaleiro don Alonso, das ideais fazañas, das esperanzas acesas, da fe inmorredoiira, da lealtade de ouro. Irmáns: unha oración con verbas ou sin verbas, por Cataluña enloitada, por Francesc Maciá, seu albre lanzal, caído para sempre. Por un home que acaba de entrar para sempre no reino da Inmortalidade, en cuio pórtico solo puido esperalo un introductor: Spartaco, o gran esclavo rebelde da Roma Imperial.

beas corpus» logrou o retorno de Maciá á Capital argentina donde o vello «leader» foi fervorosamente agasaliado; as colectividades catalás, galegas e vascas, a mocidade intelectual argentina, os deportados de todas as ditaduras americanas, rodearon a Maciá das máisimas devocións. Nun acto memorabel alí celebrado, Alonso Ríos, en nome da Galicia emigrada, fixo un acto de fé solidaria en favor de Cataluña e de Vasconia.

Ao proclamarse a República, Maciá asumiu a dirección da política de Cataluña co resultado coñecido. Cataluña adoraba en Maciá, mais que ao home político, ao apóstolo de fé, acesa, ao condutor romántico que levaba na testa alboreada a estrela da Fé e da Esperanza, ao lírico visionario dos mañáns lumiosos.

Morre Maciá nunha hora excepcional da vida de Cataluña. El era o nexa que unía nun feixe inquebrantable, aos cataláns de todos os matices, pese as súas diferencias ideolóxicas, darredor do país nos pasos iniciais da súa autodeterminación política. E, estamos seguros de elo, a súa memoria será o lume sagro que mantecía a sagrada unión nas horas difíciles que se azeñan. Todo, menos dar un paso atrás no camiño das conquistas. É o mellor homaxe que os cataláns poden rendirle ao venerado avi.

Francesc Maciá nacera en Vilanova i Geltrú o 21 de outubro do 1859. Ingresou de mozo na carreira militar. Sendo tenente Coronel abrazou a causa da liberdade de Cataluña ao aparecer Solidaridad Catalana. Foi deputado cuia acta renunciou como protesta contra a lei de xurisdicións. A ditadura expatriouno. Estivo en Francia, en Holanda e en Bélxica, perseguido de cerca polos verdugos seus e da súa patria en favor de cuia liberdade conspiraba día e noite dende o desterro. Os cataláns de América, identificados coa súa laboureira, invitarono a visitalos. Foi a América. Alí foi tamen perseguido polos embaixadores de Hespana. De Bos Aires foi sacado clandestinamente e metido nun barco; o ilustre senador e xurisconsulto socialista doctor Palacios con un recurso de «habeas corpus» logrou o retorno de Maciá á Capital argentina donde o vello «leader» foi fervorosamente agasaliado; as colectividades catalás, galegas e vascas, a mocidade intelectual argentina, os deportados de todas as ditaduras americanas, rodearon a Maciá das máisimas devocións. Nun acto memorabel alí celebrado, Alonso Ríos, en nome da Galicia emigrada, fixo un acto de fé solidaria en favor de Cataluña e de Vasconia.

ARENKA BREVE I EISALTADA

Será supremamente estúpido agardar de nós o inelegante dereito do couceiro. Polo contrario. A nobreza galeguista sabe perder tan ben, que síntese capaz de erguer a vós, proclamando, coa nosa derrota, o trunfo do nemigo. Derrota: velaquí a verba, albiscada e ruda, sin arrequives, nin atenuantes.

¿Pro derrota do galeguismo? Iso, endexamais. O Galeguismo é unha idea, que anda en procura de cerebros que permeabilizar; un sentimento á busca de curazóns que abanear; unha bandeira que recluta homes dinos e en derradeiro termo, unha comenza económica que se ofrece aos que tasan un ideal con senso de empresarios. ¿Onde se ollou que unha idea, e un sentimento e unha bandeira, poidan ser avencellados? Fumos batidos uns homes de carne e hoso, de humanidade precedeira, de vida leviana. O Galeguismo, é outra cousa.

Mais nin xiquera os que fumos astas eleitorais do estandarte galeguista, ficamos vendidos. Aconteceu, que nos colleu de camiño un vento de ciclón histórico e unha choiva de ladróns de votos. Iso foi todo. Polo demais, eiqui non se rinde ningún. Coa mor-

te, cecais. ¡Probe cousa sería unha Fé que se abatira a un abaneo meteorolóxico! Na Terra, a forza dos elementos, todo o mais que conquiere é por de xionllos o millo. ¡E iso, namentras dura o máis recio do temporal! Presentiamos a ola. Veu. Pero a xornada pasou, entre unha sorrisa e un asco. Si non tiveran de chegar axiña xornadas que precisaremos superar, abondaría que, coma no proverbio árabe, nos sentáramos á porta da nosa tenda, deica ollarmos como pasaba o cadavre do noso nemigo...

I estamos de pé. Coa mesma fé de sempre, con maior fé que endexamais. Os desencantados non teñen un acougo nas nosas fias. En troques, á data seguinte da derrota, as nosas Mocidades, o noso Partido medraban en afiliados. Moito mais que un deputado galeguista, val un calquera d'ises novos militantes, a quenés a derrota—¡a derrota, irmáns!—empula ao noso campamento. ¡Habberá forza meirande pra nos manter firmes? Dez minutos de melancolía—irmáns—e ista vos, cara adentro. ¡Adiante!

X. ALVAREZ GALLEGO.

DA COMEDIA ELECTORAL

No salón do Parlamento hespañol, tivo lugar días pasados o derradeiro aito do sainete eleitoral, coa aprobación das actas de Galicia. O Partido Galeguista desplazou a Madrid dous dos seus candidatos—Castelao e Suárez Picallo—pra que nas audiencias públicas da Comisión de actas e no propio hemiciclo, se eso lles fose permitido, impugnasen as devanditas actas, viciadas de fraude deica características inconcebibles, máis repugnantes que nos mellores tempos do bugallismo.

Con datos irrefutables, con testimonios morales que houberon sido definitivos en toda colectividade dotada dun mínimo de senso da ética política, os nosos persoeiros, informaron na Comisión de actas pedindo a anulación.

No Parlamento non lles foi posible falar, por acordo en contra. O señor O'Shea, factotum dos máis desvergonzados fraudes na Cruña, con 90.000 votos impugnados, ante o asombro dos seus propios correligionarios, tivo a indelicadeza de pedir que non se escoitase aos impugnadores.

Os radicales cujos deputados por Pontevedra, foron tamén feitos a golpe de furto, tamén falaron no mesmo sentido. ¡Diol-os cría!

O caso é que a vergonzosa inmoralidade foi sancionada polo máis outo organismo desta pseudo democracia hespañola, ficticia e indecorosa.

Nós non nos faciamos ilusións. Os nosos persoeiros saíron para Madrid, sabendo, ou supoñendo, o resultado da súa xestión. Necesitábase seguir todo o proceso das derradeiras eleccións pra non defraudar aos cidadáns que ven en nós, no Partido Galeguista, a vanguardia da futura Democracia Galega, que temos de erguer sobre dos escombros desta ficción noxenta, onde trunfan os pillos de todas as picarescas. Necesitábase coñecer, *personalmente* aos que se chaman representantes de Galicia, máis que a través das súas persoas, a través do seu procedemento. ¡Dan noxo! Necesitábase tamén cargarnos aínda máis de razón, pra reforzar a nosa premisa de que a República i-a Democracia en Galicia seguirán sendo unha farsa, namentras Galicia siga atada ao carro do centralismo, negación de toda democracia verdadeira. Necesitábase, por derradeiro, ver unha vegada máis, como os deputados de Andalucía, de Extremadura, de Castela e de Valencia, votaban declarando que as eleccións de Touro, de Rodeiro, de Castroverde e de Noya foron legais. Cousa ridícula se non fose pra nós tráxica, polo que significa a negación de todas as realidades que forman a Península ibérica, múltiple e polifacética en todas as manifestacións do seu vivir.

Por todo eso, e pra sacar as conclusións que sean do caso, e que sacaremos na súa hora, e tamén pra cumprir con deberes éticos ineludíbeis, actuamos deica o derradeiro acto da comedia. A comedia té n un epílogo que corre por enteiro da nosa conta. Eiscusivamente da nosa conta.

NA MORTE DO REITOR DA NOSA UNIVERSIDADE

Rodríguez Cadarso morreu. Acarón da lembranza anguranta e tráxica, fica a rexa e punxente a súa laboureira científica e universitaria, na que loce un faro, todo o tempo aceso, de galeguidade.

A outonía mollada, amolecedora diste final de ano que sazóa o fogo frío das xiadas, trouxo dende as beiras da provincia zamorana, a noticia irta, doerosa, dramática: Rodríguez Cadarso, o Reitor da Universidade Galega perecía vítima dun tráxico accidente de automóvil entre as penas duras dun barranco castelán, cando iba en viaxe pra a cabidal da República.

A Universidade vestiuse enteira dun silencio tristeiro e doirdo. No Paraninfo, arredor do cadavre, vixiaron, apaxoados e angustiosos, mestres e alumnos. Na longa noite, informe e caótica, discurrían orballos de lembranzas pol-as enloitadas festas que son lus de consolo nas sesións académicas.

No enterro, Galicia enteira representaba alí o seu sentir de identificación espiritual coa laboureira universitaria e científica do home que soupo ser guieiro no intre de se iniciar o camiño de ascensión da nosa máis outa Escola de Cultura no pluriforme producirse de galeguidade.

Tristura da Universidade, da Cencia e de Galicia. En todas elas ficou un eco amplo, difícil de cubrir de novo. Rodríguez Cadarso, morreu.

Cadarso locía unha traicitoria científica de tan indubidable valimento, que o tiña colocado a cabeza dos máis ilustres anatómicos europeos. En Portugal e en Francia, sobre todo, a súa figura era xustipreciada en outo grado, e en diversos Congresos de Anatomía, celebrados naquiles países, deixou vibrando o ronsel ilustre do seu saber.

Como pedagogo, fixo xeneracións de discípulos que hoxe ocupan postos destacados

no campo do ensino e da cencia. Tiña poderosísimas dotes de mestre, con unha adaptabilidade oratoria feita ao tema que desenrolaba, que o revelaban como profesor relevante e guía indiscutible.

Reitor da Universidade Galega, consagróu a ela todos os seus esforzos, introduciendo nas súas aulas sentires e reformas que ata o momento, ficaran alonxadas do corazón do noso primeiro Centro Docente. O que hai alí feito a prol da cultura autóctona, anque en mui pequena medida, débesele a el.

Cadarso, como Reitor, foi o contrapédalo que detiña a corrente inocua e impositiva do profesorado eistranxeiro, que ceibaba os seus anxeos de colonixaxe espiritual e de cultura pra nosa Terra pol-os canles específicos dunha situación concorde co seu espírito árido e insulso.

En política aituou sempre, ollando pra Galicia, anque dun xeito particular, co que el coidaba que a servía.

No adral da nosa Terra, goberna un ritmo fatal. Arreo fuxen das súas congostas, os homes que traballan os seus chans amurgados, con leicións de universalidade. Na sinfonía tristeira das mortes, Galicia aporta un tón ergueito de música primadeiral a cada xeira de inicio.

Hoxe, nós, facémonos lembranza acarón do cemiterio compostelán, no que salouca en cielos estranos a invernia mollada, que garda baixo da súa simulación creadora, o espírito de Cadarso arrodeado da súa laboureira galega e universitaria, coma un mollón dende o que ia addecorrer a eispresión transcendente da nosa cultura dentro da Universidade.

Vaia dende eiqui un berro de auguria como sementeira da nosa tristura por tódolos camiños de Galicia e da Universidade.

Leria moi vella

O colofón, que o Parlamento ven pondo ás eleccións, coa aprobación das aitas eleitoraes que elí chegan, obriga a filosofar, pra os bós e xenerosos, en col de aquilas.

E, as vegadas, acontece que, o máis difícil de todas as cousas, ven a ser averiguar o orixen dos feitos, e, máis, cando do descubrimto poden deducirse culpas pra alguén —enténdase o vocábulo «alguén» no senso máis eistenso—. No intre presente, acaba de suceder algo que tivo a virtude de cambear o panorama complotado da política nacional de un modo capaz de desconcertar ao millor observador, se non se decatou da realidade que o rodea. E, n'ostante, ren máis sinxelos que o descubrimento das causas, orixen e culpas de todo, aínda que, pra faguero, sexa mester revolver nos istintos, cal o basureiro revolva no montón informe e inundo de cousas que lle sirven pra a diaria búsqueda.

¿Viuse, endexamáis, tan suicida aitude dos republicáns hespañoles? Todo, sin valor, ante a necesidade de lograr o seu insensato capricho cada un. Soio os monárquicos, os feixistas, os dictadores—en feixe,—faguían o seu magosto consentemente, cedendo aparentemente en todo, e saindo, ó fin, beneficiados, por ter concentrado a súa atención n'unha soia candidatura. E víuselle dar vida a unha «Unión de Derechas», encargada de defender—vanitas vanitatum...—a Familia, a Relixión, a Patria, a Propiedade, o Traballo, a Liberdade... ¿qué máis?...—todo con maiúsculas senón, desnaturalizánsese os conceptos.—¿Poderá darse cousa máis abstracta?... I-en Galiza, non hai dúbida, acucian os problemas concretos. E víuse o contraste coas demais nacións ibéricas; porque, en Cataluña, sentíronse cataláns todos; en Vasconia, vascos; incluso, en Valencia, e, cuáseque, en Andalucía; parecendo notarse que non tardará en ocorrer nas demais rexións, aínda que as de primeira crase procuren retardarse, porque os feitos diferenciaes mandan sobre todo; en troques, os galegos, donde máis forza teñen tales feitos, non queren deixar os principios, i-entréganse á súa eisclusiva defensa...

En Galiza, a escrava, a cinsenta, a eterna sufrida, a que leva recibido agravio tras agravio de Hespaña, a que non ofrece serios problemas sociais a Hespaña, e paga, n'ostante, a solución dos das demais provincias; a que ten máis puntos concretos, que se suceden sin interrupción, acusando o ningún interés, si non a impotencia, de Hespaña, pra resolver o que nos atañe; a que padece á perpetuidade vítima de iforanza ou desvío de Madrid, brota unha candidatura, na que se fai encuadrar todos os puntos de enlace con Hespaña, e se proclama, sobre todos, o postulado do principio da unidade nacional.

Pro o máis triste foi o desenlace que nos depararon os radicáis. Atribuíamos os homes de boa fe a culpa do fracaso, do contratempo, da República o feito de que os seus homes, na necesidade de dar ós seus cidadáns un nome, que, ademáis de ser hespañol, lles imputare unha condición, preferiron darlle o de Quixote, sin ter en conta que tamén o de Sancho era hespañol. I-o caso era que a iles, sin dúbida, habian chegado de todo o ámbito nacional, cuáseque decote, voces—cheas de republicanism—acusando alarma, unhas, ante a posibilidade de acontecementos previsibles, e, ás vegadas, anunciados, e denunciando, outras, feitos acusadores de verdadeira subversión das institucións republicáns. Pro todo inútil. Pra todo, oídos de mercadeiro, cal si se preparase o contubernio actual, nado do feito de considerar os radi-

caís, pra seu anatema, os menos malos os monárquicos. ¡E, mesmamente, parece mentira que ben se entenderon uns e outros!

Faguía tempo que algún demócrata de Valdeorras crendo no espírito revolucionario das Cortes da República, non había vacilado en producir un escrito ao Parlamento constituínte, pedindo a inhabilitación política dos vellos oligarcas, xerifales da política tradicional, que, nos pasados anos, habian conducido a vida cidadá por derroteiros desatañados, algúns dos cales, n'istes pobos, pra pasar desapercibidos, ou, pol-o menos, causar o desconcerto entre os seus concidádans, habíanse, vergoñosamente, encuberto baixo a enseña tricolor o 15 de abril, pra proclamar a República. Como si agardaren, ou temeren, algo terrible da causa da Liberdade, que lles impediría seguir campando. E chegaron a ter palabras con republicáns e socialistas. E uns cantos pescadores, dos de río revolto, adicáronse a orgaizar sociedades políticas, que non tardaron en constituírse máis que en desautorizar ós seus creadores i-en sentirse incompatibles con eles.

Eiquí veíse exemplos absolutamente demoores: un señor, que foi dictador de un municipio durante os indecentes sete anos—alcalde mentras durou a dictadura—, o advir a República, víuse convertido en xuez municipal, cárrego no que aínda está, faguendo unha campaña capaz de contrarrestar todo o que n'ise municipio fagan os homes de boa vontade republicá. E os homes da República soupérono. E tamén souperon e saben—e fixeron a elo oídos de mercadeiro—que, nos pobos de Galiza, síguen no mandíño os mesmos—por sí ou por meio dos seus mandatarios—que durante a dictadura. ¿I-en Hespaña?... Alá iles.

E, n'istes municipios, non hai quen haxa visto un gobernador da República—como non sexa algún mañate que foi ao seu pazo, ou n'un viaxe á capital... Todo igual que nos vellos tempos.

I-é o caso que si ós que, á raíz da chegada da República, os sobrecolléu certo susto, moi natural en quens tanto tiñan que temer, hoxe xa non dúbidan en confesar a súa confianza, n'un próisimo porvir distinto. E obran en consecuencia. E, ao ver que foi mentira a condición revolucioaria do réxime—na que, indefetiblemente, houbera trunfado—, xa prefíren todos o amparo dos seus inimigos, que se engalan o vela confiada, habendo saído, sin reparo xa, a pedir votos, descaradamente contra ela.

E permanecéu impávida a República ante o plebiscito derradeiro, que a deixóu en cadro, e, ante a seguridade—recollida do ambiente nacional—de que o trunfo foi soio obtido por malas artes, dando a batalla coa maior indifinidade e sin reparar nos meios máis repudiáveis, preferiuse pol-os republicáns hestóricos darlle—presentarlle, diríamos millor—executoria ós inimigos da República, e das súas institucións, e prepararlle o ingreso n'ila ós que han de faguer canto podan por volcala. E foi un ingreso, con espaldarazo de ministro... O derradeiro pastel e dos que afían os dentes. Non queira Deus que teña tristes consecuencias pra os hespañoles.

E doime todo isto, porque sei que soio con República poderá Galiza obter todas as reivindicacións con que soñamos os que acariñamos a idea d'unha Galiza ceibe, si non quer apelar o derramamento de sangue ou a desobediencia civil... I-a República, irmáns, apoiada en tales puntales, tambaléase, com-

Os Galegos emigrados en favor da autonomía

Bós Aires.—Á vista dos resultados das eleccións en Galicia, a Organización Nacionalista Republicana Galega (filial do Partido Galeguista) e a Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturales, celebrarán en breve unha gran xuntanza pra adoptar resolucións tendentes a intensificar a propaganda Galeguista por medios novos e novas tácticas. Consideran—según noticias que temos— que frente á reacción trunfante, a Autonomía integral de Galicia ten de ser a consigna de esta hora para cantos sexan de verdade republicáns e demócratas.

Montevideo.—Baixo a presidencia do ilustre doctor Sánchez Mosquera formouse na cidade capital da República Uruguia un comité autonomista que ten por finalidade recadar fondos pra a propaganda do Estatuto, ademáis de espallar entre a colonia galega os seus principios democráticos. O devandito Comité leva celebrado diversos actos con éxito extraordinario. Participan no Comité destacadas personalidades uruguiaias de orixen galego, que, fillos dunha democracia exemplar, loitan pola liberdade da Patria dos seus antergos.

Habana.—Tamén os galegos residentes na capital de Cuba iniciaron unha campaña en favor da Autonomía de Galicia. En tal sentido publicaron un vibrante manifesto combatindo rudamente ao réximen centralista e destacando o carácter democrático do Estatuto.

New-York.—Na inmensa urbe yanqui, os nosos irmáns alí residentes teñen formado un Comité pro Autonomía de Galicia que xa enviou ao Comité Central a suma de 2.000 pesetas para a propaganda. Forman o Comité mariñeiros e fogoneiros das Mariñas, e presideo o gran patriota sadense Xán Villacampa, descendente directo do famoso xeneral republicán do mesmo apelido, afevado demócrata.

Diante das novas alentadoras transcritas ven á nosa memoria o recordo de Irlanda. Efectivamente, despois dos primeiros impulsos independentistas do pobo irlandés, desencadeouse sobor do país irmán unha reacción feroz. Os «leaders» máis destacados—de Valera entre eles— tiveron que emigrar. New-York, Bós Aires, Santiago de Chile, México, etc., foron focos de conspiración contra o Imperialismo británico. De alí saíron para Irlanda esclava os medios económicos e os alentos quentes para o pulo liberador definitivo. ¿Estará Galicia no mesmo caso? Galegos emigrados, na hora tristeira do trunfo dos traidores da Patria, confiamos en vós; na vosa xenerosidade e no voso esforzo.

pretamente esgretada. ¿Chegará o momento desditado de rezarlle a oración fúnebre? Non o queira Deus. Volvería a ser deacrado delito o sentir en forma nazonalista...

Terra a nosa, irmáns. ¡Sempre adiantel!

UN GALEGUISTA VALDEORRÉS.

Mercade LIBROS GALEGOS

Pedidos a NÓS. - Rúa do Vilar, 15. - Santiago

Novos Grupos e Mocedades Galegnistas

Por todol os recunchos da Terra, prosigue o galeguismo a súa conquista de espíritus. Moi especialmente despois das eleccións, a reacción en favor do noso Partido, é máis afevoadada. A intuición popular, chegou a entender o fondo significado da derradeira loita eleitoral que levóu ao Parlamento da Hespaña a un fato de descastados e desleales deixando á Galieia orfa de representación verdadeira e que é un chamamento de vixencia aos galegos conscentes pra defender a Terra contra os seus inimigos, esta vez dentro da propia casa. Do cual da fé a constitución de novos grupos e mocedades dos que pasamos a dar noticias:

SANTIAGO

O día 22 dos correntes ficóu constituída na vella Compostela unha «Mocidade» con gran número de afiliados.

A xuntanza fora convocada pol-o Comité quen na compañía do Representante do Grupo Sr. Casal, presideu a xuntanza.

Ademáis da discusión dos Estatutos elixiuse unha Directiva pra o ano vindeiro constituída do seguinte xeito: Segredario Xeral, Francisco Ogando Vázquez; Segredario, Domingo Fernández del Riego; Tesoureiro-Contador, Manoel Mexuto Larrauri; Segredario de Actas, Xaime Vidal Rei; Vocás: Ricardo Millán Pomar e Antón Bértras García.

Moi logo sairá á rúa un manifesto chamando aos mozos composteláns a que ingresen nas fias da «Mocidade».

Noutra parte de iste número publicamos tamén un saúdo-chamamento que a nova «Mocidade» dirixe aos mozos galegos.

Están tamén en organización mocedades galeguistas en Muros, Viveiro, Páramo, Taragoña e Córcomo.

Formáronse Grupos galeguistas en Faramontaos, Lisboa, Trazo, Taragoña e Córcomo. Están en formación Grupos en Sada, Negreira e outros.

Benvidos ao seo da familia galeguista os novos agrupamentos dispostos a loitar baixo os priegues da nosa bandeira redentora.

F. M. G.

AOS MOZOS GALEGOS

IRMÁNS:

Un fato de rapaces composteláns, que constituimos a «Mocidade Galeguista», facemos un chamamento de loita a todas as almas mozas.

Nós, inéditos no comercio da política, limpos das cobizas rastreiras do egoísmo rebelámonos hoxe con alentos novos contra as inxustizas que escravizan a vella Suevia, e aparelamos nosos peitos pra unha loita fera e sin acougo. Nós iremos faguendo de día en día pol-o traballo i estudo nosa historia de cidadáns exemplares.

A nós os mozos de hoxe estamos reservada a gran empresa da reconstrución da Patria Galega; pois somentes os entusiasmos da mocidade, o fogo dos espíritos ilusionados, e a vountade férrea que en nós aníña pode abranguer na súa totalidade o gran miragre do rexurimento da Raza.

É preciso mozos galegos que, sentindo na vosa ialma a vos angustiosa da Terra, vos alistades n-istas vangardas pra soerguer a concepza nazonal.

A «Mocidade Galeguista Compostelá», ao entrar na loita saud cordial e afevoadamente a todas as «Mocedades Galeguistas» que dende o Ortegal ao Miño teñen os ollos postos no gran porvir da Nosa Patria.

¡Terra a Nosa!
Compostela, 24 de Nadal de 1933.

BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

CAPITAL SUSCRITO. PESETAS 17.000.000.—
CAPITAL DESEMBOLSADO. 11.000.000.—
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES. 14.073.530,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA :: 35 SUCURSAES EN GALC A

CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTRESSES DENDE 1.º DE JULIO DE 1933:
Á VISTA. 2 % ANUAL | A SEIS MESES. 3,60 % ANUAL
A TRES MESES. 3 % » | A DOCE MESES OU MÁIS. 4 % ANUAL
CAIXA DE AFORROS. 3,50 % ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS Ó ANO

COMPRA - VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA :: DEPÓSITO DE VALORES COBRO DE CUPONS E DEMÁIS OPERACIÓNS DE BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

FRANCISCO BARREIRO SALAÑO

PERITO AGRÍCOLA

CAMPO DO GAYO, 14

SANTIAGO

OUXETOS DE ARTE

VAXILLAS DE TODAS CRASES

CASA MARINO

OLIVA 11 E SARMIENTO 3

PONTEVEDRA

IMPERMEABILIZANTES

WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMEDAD E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

MAIS DE CINCOENTA ANOS DE ESPERENCIA NO SANEAMENTO DE CONSTRUCCIONS E IMPERMEABILIZACION DAS MAIS IMPORTANTES OBRAS HIDRAULICAS

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALICIA

Pida detalles e folletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeneral para Galicia:

Porta da Pena, 6 :: SANTIAGO

Cataluña na morte do Libertador

Maravilloso espectáculo este que ofrecéu Cataluña na morte do seu grande home de escepción. Consolador, fortificante espectáculo o do gran país mediterráneo, nesta hora de desprezo pol-os valores humanos, de eisaltación de «masas», emborcándose enteiro, estremecido de emoción, diante de un home que fixera do seu corazón e do seu espírito, vibradoiras antenas da máis ergueita aspiración humana: A aspiración de ser ceibe.

Grandes pobos son todos aqueles que valorizan, na vida e na morte, as súas figuras representativas; aquelas que recollen os seus anelos, as súas aspiracións, e fan delas o apostolado da súa vida. Pobo capaz de ademirar, cuidar e acariñar a un home superior, é, potencialmente, un pobo de homes superiores. Pola contra pobo que carece desta sensibilidade é un pobo de almas mortas, de seres inferiores, envidiosos dos que se erguen por riba do nivel vulgar.

Por eso Cataluña é un gran país. Coida devotamente as súas figuras representativas. Ergueas por enriba do ben e do mal, rindelles culto, e así logra ter heroes, mártires e apóstoles e por eso, no concerto das nacionalidades ibéricas, Cataluña é unha verdadeira potencia material i espiritual. Por eso, pase o que pase, Cataluña será sempre Ela, non será parte de ninguén, senón que será, por saber ser diferente, unidade e personalidade existente. Cataluña merece ter homes da estirpe de Maciá. Cada pobo ten, exactamente, o que merece ter. Nin máis nin menos.

¡Deus axude a Cataluña! Por boa, por xenerosa, por sensible, por Nai dos seus fillos, que lles dá alentós na vida, e na hora da morte, todolos seus xardíns teñen froles frescas e loureiros verdes pra facer coroas. ¡Deus guíe por vieiros de liberdade aos seus fillos bós e xenerosos, homes de ben, co don inestimable da gratitude!

¡¡Qué grande, que invencible desexo temos de ser cataláns!!

O GALEGO, COMO IDIOMA

Parece mentira que n'estes tempos haxa aínda xentes que lle chaman ao galego dialecto, sin reconeceren que o galego é un idioma; agora ben, todo isto ten a súa eisplacación, chámanlle dialecto todolos farsantes e hipócritas que queren que a nosa Terra non teña idioma, ises amantes «de la España única e indivisible» que non reconecen outro idioma máis que o que falan en Castela, e sin embargo fan por esquencer o que aprenderon a falar por primeira vez nos tempos da súa infancia, avergonzándose ao mesmo tempo de falalo. De toda esta cras de xente temos que ser os galeguistas enemigos a forza, porque ao seren enemigos do noso idioma son tamén enemigos de Galicia e ao seren de Galicia, teñen que ser nosos enemigos. E non tan soio isto sinon que hasta din que o galego que nós falamos que é portugués. ¡Vaia por Deus! ben se coñece que os que así falan non teñen nin a menor cultura do que é o galego, non saben que o idioma galego é unha das ramas da lingua portuguesa.

O galego literalmente é unha lingua de rancio e nobre abolengo histórico, pois foi nun tempo a lingua única da poesía lírica tanto en Castela como en Portugal e en galego escribiu Alfonso X o Sabio as súas famosas cántigas en honor a virxe. Decaendo a nosa lingua á medida que a monarquía Castellano-Leonesa, a cual foi aneccionada Galicia, iba ganando en forza política. Ao presente o galego é a mesma lingua portuguesa con certas variacións dialectais; hasta máis, podemos dicir que todolos rasgos fonéticos que distinguen ao portugués do castelán son tamén propios do galego; i esta identidade fundamental evidenciárase aínda máis si a ortografía adoptada pol-os galegos se acercara máis fielmente ao criterio fonético, e si certas transcripcions de sonidos tomados da ortografía oficial da lingua Castelan non revelase a verdadeira pronunciación do galego. Hoxe parece chegada a hora de afirmar que a fala galega foi a nai da portuguesa e literatura galega a de considerarse toda a que se produce hasta que o reino lusitano (século XV) adquire fisonomía propia e imprime o seu xenio peculiar a fala da rexión que foi maiorazgo no cultivo das vellas letras.

¡¡Que se den conta os que se avergonzan de falar o galego!!

XERMAN PICHEL BOUZAS,

Viascón, Nadal de 1933.

TEMAS CAMPESÍOS

Está no noso pensamento de que este adaxio se cumprirá non en lonxanos tempos, e debe ser—no nos cabe a menor dúbida—pero con unha forza tal, con unha revolución de abaixo arriba, que limpará o rescoldo que quedou e que aínda existe para aturar moitos anos, para vergonza de todolos hespañoles.

As raíces de ise cancro, espalladas por todo o territorio hespañol que se suportaron durante tantos anos, inda é oxe o día en que queren imperar, a sabendas de que a clase traballadora, que era a que máis retribuída debiera estar, sexa ésta a primeira que teña que sufrir as consecuencias.

Falamos oxe aquí da xente campesiña por considerala unha das masas máis sufridas do territorio hespañol e do universo. A nosa probe pluma—e escribe esto o fillo de uns modestos campesiños que aos dez anos tivo que deixar a escola pra marchar a traballar a unha fábrica—posta infinidade de veces ao servicio dos traballadores da terra, se aprasta oxe tamen a trazar istas liñas pra semanario A NOSA TERRA, que todo bon galego debéra lér para saber como, e de que forma marchan os nosos problemas rexionales.

En Hespaña o obreiro campesiño, está considerado na outura de calqner besta de carga; minador da terra sin ningún precio, sin ningún miramento, sin ningunha retribución... todo o contrario.

Ao campo vaise en busca de todo o mais esencial para vivir unha cidade, un pobo. O campo sostén unha nación i en troques de isto ¿qué? en favor de istes beneficios, ao campo se lle grava; se lle exige aos seus cultivadores pagos eisorbitantes incapaces de poder facelos efectivos; pero é que aos representantes da República hespañola, non lles intréa iste problema?

O labrego día tras día, ano tras ano, detrás do seu arado, co seu rapaz diante da xunta dos bois que os leva pol-a corda cantándolle as súas cancións anxelicales, de berce traza sulcos e máis sulcos na terra buscándolle algún rendimento pra poder sahir do día (co seu rapaz... infeliz criatura que así tan ignorantemente lle trochan o seu porvir) en vez de levalo á escola, utilízano como estormento de traballo, porque así según dicen os nosos campesiños axúdanlle a «aumentar» o seu estado económico ¡triste equivoación!!

Isto pasou e sigue pasando en Galicia e no resto da Hespaña, donde eisiste xente canhesiña. O campesiño galego, roto, morto de frío sin lér con que cubrir os seus osos se

Política Hespañola

Xa goberna o señor Lerroux. Dende a cabeceira do banco azul, manifestou ser partidario das autonomías rexionales. Dixo, ademais, que considera aos únicos arredistas aqueles que se opoñan ás xustas aspiracións rexionales. Na minoría de Lerroux ocupa un alto cargo Emiliano. Atádeme esa mosca polo rabo...

Gil Robles, dendo seu escaño, dictou as súas órdenes ao goberno Lerroux. «Vostede ten que facer esto e estoutro. Vostede non pode facer aquilo nin o de máis alá». As ordenes de Gil Robles que o señor Lerroux ácata—¡qué remedio!—síntifican desvirtuar as ideas esenciales da República polo de agora. Despois será outra cousa. Despois caerá a propia república. E o señor Lerroux tan eufórico, tan ledo, coma un nenno con zapatos novos. Eso chámase irresponsabilidade ou traición.

Todo canto se fai en España—di o noso Castela—ensaiase primeiro en Portugal. Basta eisamina a traectoria da República portuguesa pra saber a donde vai Hespaña. ¡Compre estar preparados pra esa terrible eventualidade!

desespera por burcarlle solución a todalas caregas que dende Madrid lle mandan os seus representantes, pero ¿cómo?, non o sabe, nin lle insiñan.

A súa cama, follá de millo dentro de un saco, vivindo xuntamente co seu gando e os seus utensilios de labranza; sin diñeiro para mercar abonos químicos para as súas terras con oxuto de que istas ao dar os seus froitos sexan fértiles e sáns; sin cooperativas que lle poidan suministrar todo o relacionado co iste problema, en fin... un obreiro eisento de toda a preteición menos pra unha, a que eles están na obligación ineludible de aturar lo pagar!

Por iste conceito están moi ben vistos ocupando sempre o primeiro lugar pagando hastra por sacar o carro do cobertizo o que o tén. Está no noso pensamento e creemos estar no certo, que os nosos dirixentes da política hespañola non se deron ben conta ou non se queren dar—porque teñen as armas pra defenderse de istes obreiros—da gravidade diste problema que abrasa a istos pobres campesiños, das consecuencias gravísimas que pode traer nun día non mui lonxe. E ise día cecais cansos de tantos sinsa-

Cando os candidatos derrotados—polo pu-cheirazo vil e o roubo descarado de votos—foi o señor O' Shea—o vello cacique ciervista factótum do noxo electoral de Arxúa—o único dipulado por Galicia que se erguen para oporse a que falasen. O señor O' Shea tiña impugnados 50.000 votos dos 80.000 que se lle computaron. Como se ve, a moral política era verde e comeuna un burro coidando que era herba.

As esquerdas republicanas, desfeitas pola súa propia inocuidade política nas eleccións derradeiras, tratan de unirse. Nos traballos actúa o señor Casares Quiroga. Unha pregunta: ¿Na nova xuntanza entrarán Emilio González (a) «Rata Parda» e Iglesias Corral (a) «Alcalde gasolina»? Nese caso tamén debe entrar o señor O' Shea socio deles no reparto de 40.000 votos. ¿Republicáns de esquerda! En Galicia xa sabemos o que eso é. Dous anos e medio de «eso» trouxeiron esto.

Pita Romero é ministro de Estado sin o consentimento do señor Casares Quiroga, Rodríguez Pérez declarouse independente, Emilio González e Iglesias Corral faranse radicantes. ¿Qué se fará o señor Casares?

bores, de tantas ignominias, de tantos aldraxes cometidos contra diles, se ergan contra dos causantes que aniquillaron os seus famélicos corpos, quebrantando a súa saúde e o seu benestar. Daquela sí; daquela será tarde porque esta masa compacta de traballadores da terra que pode paralizar dun golpe toda unha nación, se lanzarán en altitude tal que nin tanques, nin ametralladoras, nin cañós serán capaces de contélos; serán os verdadeiros revolucionarios da Hespaña, impulsados a buscar reindicación en pago dos moitos males, riepecias e agotamento físico, sufrido nos seus corpos e nas súas terras.

No ano que se aprosima agardamos unha vida nova nos traballadores da terra por parte dos gobernantes da República—porque para algo tiña de vir ista—a iste obreiro débelle rendir un tributo de admiración; e un dos máis firmes puntales con que conta a nación e o universo. Os dirixentes débense encargar cos seus problemas de frente e non andar sempre con careta lanzándolle despreccios ás súas peticións e delegados xenerales para poñer cos seus «desmáis».

ANXEL DE CAMBESES.

Lavadores (Vigo) 27-12-933.

Academia Xelmírez Colexio Residencia

PRIMEIRO ININO :: BACHILLERATO :: MAXISTERIO :: COMERCIO
CURSIÑOS :: REINGRESO NO GRADO PROFESIONAL

CONGA, 9 E XELMÍREZ, 11 :: TELÉFONO 1236 :: APARTADO DE CORREOS, 20

SANT-IAGO DE COMPOSTELA

Fundador e Director Propietario: D. Xosé Teixeira Rodríguez

PROFESORADO

- D. Antón Fraguas e Fraguas, Director técnico, Licenciado en Filosofía e Letras, Profesor da Universidade.
- D. Emilio González Vila, Coengo Lectoral da Metropolitana de Sant-Iago, Dr. en Teoloxía, Licenciado en S. Escritura diante a Comisión Pontificia DE RE BIBLICA, Betario por oposición na Universidade de Salamanca, PENSIOADO pr'ampliación d'estudios no Extranxeiro pol-a Xunta de Colexios Universitarios da mesma, ex alumno da Universidade Gregoriana e do Instituto Bíblico de Roma, ex cadeirático de Literatura hespañola e de Hermenéutica, CADEIRÁTICO de Crítica i Exégesis e de Griego i Hebreo na Universidade Pontificia de Sant-Iago.
- D. Xosé Fernández Rofast, Abogado e Profesor Mercantil.
- D. Salvador Parga Pondal, Licenciado en Filosofía e Letras, Profesor da Universidade, Mestre de 1.º insiño.
- D. Ramiro Aramburo Abad, Licenciado en Filosofía e Letras, Director da Escola Normal de Sant-Iago.
- D. Enrique López Niño, Licenciado en Ciencias, Licenciado en Farmacia, Profesor axudante da Universidade e do Instituto Nacional.
- D. Ricardo de Sádaba Sanfrutos, Licenciado en Ciencias, Licenciado en Farmacia, Profesor da Universidade.
- D. Arturo R. Suárez Villafraña, Licenciado en Ciencias Esaitas, Profesor axudante do Instituto.
- D. Ramón Villarino Ulloa, Doutor en Medicina, Profesor da Universidade.
- D. Xosé Comellas Ruiz, Abogado.
- D. Tiberio Vasalo Murias, Profesor da Escola Normal de Sant-Iago.
- Srta. Matilde de la Torre Navarré, Mestre de Primeiro insiño, Profesora da Escola Normal.
- Srta. María del Carmen de Andrés Blanco, Mestre de Primeiro insiño.
- D. Manuel Uzal Echegaray, Mestre de Primeiro insiño, Tenor da Metropolitana, Profesor de Música.
- D. Manuel Cordido Fanego, Mestre Nacional por oposición.
- D. Manuel de Andrés Pérez, Profesor de Dibujo e Caligrafía.
- D. Enrique García Mirás, Profesor Mercantil, Profesor da Sociedade Económica.
- D. Santiago Mini Mani, Bachiller en Idiomas modernos, Profesor axudante do Instituto.
- D. Pedro Fernández Carballo, Capitán de Infantería, retirado, Profesor titulado de Gimnasia.
- D. Luís Barreiro Paradelo, Mestre Nacional por oposición.

Alumnos internos, mediopensionistas i-externos
Enseñanza oficial, libre e colexiada

VEXA O NOSO COLEXIO :: PIDA REGLAMENTOS

FRANCISCO MACIÁ: SÍMBOLO

Cataluña aparece sempre—ao decorrer dos séculos—na vida da Hespaña. A súa personalidade particular, a súa diversidade étnica, as súas características diferenciadas, xurden con un matiz específico na época axitada da Reconquista. Cataluña medra e avanza, marcando un roteiro no papel da Historia, a medida que avanza e medra o período reconquistador. Ramón Berenguer IV e Xaime o Conqueridor, nomes de inicio, naquela xeira.

Despois, a Dinastía dos Reis Católicos. O absolutismo que impuxo ao mundo o fantasma histórico dun Emperador cando o sentimento católico e universalista en que a política do Imperio tiña as súas raíces se extinguía pra deixar paso á rica variedade das personalidades nacionais. A guerra separatista. A defensa duns dereitos, dunhas libertades que os *Usatges* consagraron denantes que ningunha Constitución de Inglaterra e Francia. Frente a Carlos IV e Felipe V, o pobo de Cataluña defende, tanto coma o dereito da terra, os dereitos do home. O Século XVIII trae xa mateias pra preparación definitiva do Renacemento Catalán. E logo o XIX, que porta a revolución liberal coma unha grande e fermosa afirmación de liberdade, inicia co paladín das novas ideas o sinal da evolución do sentimento público, do xeneral ao particular, do abstracto ao concreto. Anunciando a resolución rexa de non arredar endexamais a liberdade humana, da liberdade concreta da terra de Cataluña e dos cataláns.

O catalanismo, foi nos seus principios unha obra de restauración espiritual: o estudo da historia, a resurrección da lingua e dos costumes literarios; e co análisis do dereito e da personalidade moral, o recrear a produción artística do período histórico nacional. Alma e vida. Doctrinas románticas, restauradoras das realidades históricas da Edade meia, e foi por elas, basándose no seu principio filosófico, que pasou por obra da vontade popular, a principio político.

Francisco Maciá: Símbolo. Home de loita. Espírito honrado i ergueito, foi o canle que trouxo pra Cataluña a súa liberdade política. Guieiro nas milicias cívicas do catalanismo. Chama ardente no fogar do espírito, queimou na lareira da rebeldía todos os xeitos de opresión da súa Terra. Esiñado. Perseguido. Pelengrino do desterro por todas as roitas, trouxo nun lediceiro día de Abril o ensoño mil veces maxinado, da liberdade pra o seu pobo.

Maciá. figura esguía era un siño verde frouma, coma o árume dos piñeiros. Era o berro baril, arrincado do ritmo traballar no decorrer dos tempos, da Terra catalá. Hoxe, as súas azas cansas de relucir na historia da lembranza e da esperanza, cairon apagadas e murchas, deixando pingas brillantes, espalladas pol-os camiños diarios da súa Patria e da súa Raza.

Nós, nacionalistas de Galicia que sentimos as inquedanzas e as arelas da nosa Patria coa mesma fervenza que o «avi» sentira as da súa, condeémonos da tristeza que reverte os zumes acedos do seu bulir pol-os corazóns de Cataluña autónoma, e comulgando na santa comunión das esenciais nacionáns, acendemos nos nosos peitos a maina e inmorrente fogueira que funde nun os anxeios dos dous pobos.

Coa morte de Maciá, apagouse un sentir vibradoiro que latexaba con ares de rebeldía. Cecais en data, non mui lonxana acenderase de novo, por requerilo así a dignidade de cidadán.

FRANCISCO F. DEL RIEGO.

NÓS Publicacións Galegas e Imprenta

Rúa do Vilar, 15 - Santiago

DO MOMENTO

No ano que vai a començar o Partido Galeguista terá que desenrolar unha laboura intensa e múltiple do espallamento da súa doutrina e orgaización de grupos en toda a Terra.

As circunstancias políticas autuás obrigan tanto ou máis que nunca a non acougar un momento no desenrolo da autuación que o noso Partido está chamado a facer.

Os partidos políticos en Galicia están desorganizados, algúns morreron para non resucitar endexamais. O momento único e aproveitabel que o advimento da República debeu siñificar para Galicia foi desaproveitado pol-as traicións de uns e pol-o abandono de outros.

Galicia arestora debera estar disfrutando xa dun réxime autonómico que imposibilitara o rexurdimento do vello caciquismo e de toda esa caterva de deputados que pretenden representar hoxe a concencia política galega. No réxime autonómico que ademais non daría lugar a que os partidos republicáns galegos ficaran desfeitos despois da derradeira loita electoral.

Os que poideron evitalo non quixeron ou non souperon. Mais a realidade está ahí proclamando a tristeira veracidade dun feito vergoñento e de graves consecuencias.

Os partidos chamados de dereitas, conglomerado circunstancial e pouco duradeiro, non reflexan o estado político de Galicia. Non poden representalo antigos caciques e políticos vellos que a Dictadura tiña residienciado e que a República debeu esnaquizar para sempre. Por non facelo estamos, e están os partidos republicáns, sufrindo os resultados da súa autuación incongruente, absurda e perniciososa.

Non hai en Galicia partidos republicáns que ofrezan garantía de limpeza e que fagan concebir a esperanza de que poidan efectuar a política renovadora, nova e galega que fai falla en Galicia. A política que a Orga estaba chamada e obrigada a realizar e que non realizou por causas que non imos examinar agora pois de todos son dabondo coñecidos. Ise partido non existe e anque existira ninguén pode gardarlle a menor consideración e menos merecerlle confianza.

Mais o feito de que non existan partidos de garantía non quer decir que non haxa en Galicia unha gran cantidade de xentes que non se resignan a presenciar tranquilamente como Galicia está sendo levada novamente a tempos pasados de ignominia política e caciquismo brutal.

Hai esas xentes e sobor todo existe unha concencia, non reflexada popularmente, máis só embrionaria, que pugna por desfacer o tinglado político que usurpa a manifestación política do país e que arela plasmar en algo vital que transforme totalmente o noso panorama político.

E d'ahí terá que sair oportunamente unha orgaización, un algo que recolla tales desexos vigorizandoos e dándolles forma real.

A decepción que os partidos republicáns ocasionan e a que xa están ocasionando e ocasionarán aínda mais os que hoxe falan por Galicia serán motivo d'abondo para que xurda en Galicia o partido que a nosa Terra necesita e reclama.

Teño para min que ha de chegar a momento en que os galegos decataráanse de que

todas esas cousas hoxe de actualidade que reclaman a súa atención sin preocupaciós impoortadas, de pouca consistencia efeitiya no corpo político e social de Galicia e que a galeguidade será o refuxio de todos cantos ao fin teñanse decatado de que os nosos propios problemas reclamen atención particular e axeitada ao marxe de todas as clasificaciós e denominaciós da política hespañola.

Ise momento ten que impulsalo o Partido Galeguista. Debe ser il quen recolla no seu seo as masas que día a día vaian convencéndose da inutilidade da súa atención a problemas que non nos atañen. Isto que xa os galeguistas viñemos predicando decote ten que se acentuar nas nosas propagandas do ano que vai a començar.

A reación que inevitabelmente terá de efectuarse en Galicia contra a política que comenza agora en Hespaña ten de ser aproveitada por nós para orentala nos vieiros da galeguidade e non se perda novamente na zaramalla de cousas alleas a Galicia ou de relativa existencia entre nós.

O Partido Galeguista no ano que vai a començar ten unha outa e delicada misión que cumprir. Pode ser o que poña a Galicia en camiño definitivo de resolver o seu preito.

Ten que ser il o que inicie unha ativa campaña francamente republicana, anticaciquil e autonomista en contra das persoas e orgaizacións que aproveitándose dunha circunstancial reación dereitista en Hespaña pretenden retrotraer a política galega a dez anos atrás esas mesmas xentes e cos mesmos procedimentos.

Unha laboura nese senso hoxe que a política ao meu xuício ten máis claridade que a que tiña fai meses poderá dar froitos magníficos para a causa do galeguismo e da verdadeira republicanización de Galicia as súas labours que ao Partido Galeguista lle compete realizar no ano que vai a començar.

VICTOR CASAS.

“CLARIDAD”

Acaba de aparecer en Compostela o primeiro número dun semanario de esquerdas co tido que encabeza estas liñas.

Editao un fato de rapaces xenerosos, necesitados dunha tribua dende a que poidan decir o seu sermón rebelde, hoxe máis necesario que nunca. Non é periódico de partido, senón que de unha zona que se define nun programa que co tido de «Decálogo mínima» encabeza o seu primeiro número. Nel estámpanse, entre outros, estos postulados: Autonomía integral de Galicia, Universidade nova, galega e galeguizante; dignificación da vida mariñeira e campesiña; loita contra a reacción e o fascismo. Puntos nos que, naturalmente, coincidimos, e que veñen a reforzar o noso punto de vista de que a galeguidade ha de ser un xeito de campo de coincidencia de cantos ollan cara o mañán.

Deseamos a «Claridad» moito éxito e saudamos fraternalmente a súa aparición.

O primeiro deputado nacionalista Valenciano

Nas derradeiras eleicións foi elixido deputado o líder valencianista don Xaime Reig i Rodríguez. Con tal motivo, os valencianos, que comulgan no ideal nacionalista, ofrecéronlle un homaxe fraterno que resultou un verdadeiro acontecemento patriótico.

Con ese motivo, o novo deputado fixo rexas declaracións significando a súa independencia fronte a todos os partidos nacionais que actúan en Valencia, ceñindo a súa actuación nas Cortes a destacar, a personalidade de Valencia, e axudando ao resto dos pobos ibéricos, con personalidade definida, ao conqueiramento da súa autodeterminación política.

Galicia, sin representación auténtica nestas Cortes monárquicas da República, ten no irmán Reig i Rodríguez, así como nos vascos e cataláns, os seus únicos defensores.

A eles o noso saúdo e o desexo de moitos éxitos na súa xestión patriótica.

Polo maior espallamento de A NOSA TERRA

Chamamos moi seriamente a atención dos nosos afiliados e simpatizantes encol da necesidade de ampliar o radio de extensión de A NOSA TERRA. E xa mirando o ficheiro do noso Partido descubrimos que hai moitos afiliados que non són suscriptores nin lectores da nosa folla. E isto constitúe unha anormalidade inconcebible nun agrupamento cujos afiliados, mais que membros dun Partido político, son soldados dun ideal do que o xornal ten de ser o glosador sistemático. O meirande vehículo dun ideal, hoxe, é a folla escrita. Esta é a que leva a opinión pública o troque indispensable das ideas; a tribua permanente de polémica e de convicción. Os nosos afiliados aínda non entenderon esta verdade indiscutible. A NOSA TERRA non alcanzou a importancia que lle corresponde coma órgano do único partido moderno e con ideales con que conta Galicia. Non pasou de ser unha especie de boletín familiar que circula entre convencidos nunha área limitadísima; ao revés do que ocorre en todos os agrupamentos de ideas que cuidan con preferencia a todo os seus órganos de publicidade. Moitos, aparte da obrigatoriedade dos afiliados de estar suscritos teñen a de donaciós de días de xornal, suscripciós especiais, festas a beneficio, obligación de facer propaganda e conqueirille suscriptores.

De momento, nós, insinuamos aos nosos afiliados as seguintes consignas:

Cada afiliado un suscriptor de A NOSA TERRA.

Cada afiliado a obriga de conqueir, polo menos, un suscriptor non afiliado.

Cada grupo debe facerse cargo de un paquete de números para colocalos en quioscos e postos, e vendelos ante as xentes que simpaticen ou teñan interés polo galeguismo.

Co cumprimento de estas fáciles consignas A NOSA TERRA triplica, automaticamente, o seu tiraxe, triplicando tamén a área de eistensión da nosa prédica.

Un órgano de publicidade popular é hoxe un medio, un vehículo de primeira forza para a divulgación dun ideal. Eis unha afirmación que non deben esquecer, especialmente neste intre os soldados do ideal galeguista.

NÓS, Publicacións Galegas e Imp. Rúa do Vilar, 15, Santiago

Farmacia Lúgrís

Especialidades nacionais i-estranxeiras
Ortopedia.-Sueros e Vacunas
Productos purísimos das mellores marcas
Oxixeno.-Esterilizaciós ao autoclave
Trousseaux pra partos

Despacho de recetas da
Fábrica de Tabacos

LINARES RIVAS, 43
TELÉFONO, 2919 A CRUÑA

SI QUEREDES

XANTAR BEN

IDEA

CASA PEPE

Dr. Cadaval, 13 VIGO

Viños de Valdeorras

da propia colleita

Tinto superior, un litro. 0'70 Ptas.
, seleito , , 0'80 ,
Branco , , 0'80 ,
Tostado botella 3/4. . . 4'00 ,

Rúa de San Pedro, 3 :- Santiago

CONTRIBUIA

AO ERGUEBMENTO

DA CULTURA

PÁTRIA

LÉNDO

LIBROS

GALEGOS